

## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021 (DOG de 29 de setembro de 2021), da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria, a Xunta Electoral de este Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo Conforme o establecido no artigo 11 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro(DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 alumnos/as**, dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar.
2. Son electores todos os alumnos e alumnas de educación secundaria matriculados e escolarizados no Centro. O censo electoral a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.
3. Son elixibles os alumnos e alumnas que formulen a súa candidatura. As **candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do citado día 11 de novembro.**
4. O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público entre os alumnos/as electores e elixibles, o día 12 de novembro, ás 13:45 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e dous alumnos ou alumnas, actuando como secretario o de menor idade.
5. A campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro. O día 22 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos ou alumnas que sexan propostos por cada unha das asociación de alumno existentes no Centro ou avalados pola sinatura de dez electores.
7. As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 23 de novembro, de 14,45 a 15,45horas.** A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 14,30 horas.
8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **dous nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
9. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío a Xunta Electoral do Centro.
10. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Xanceda, 3 de novembro de 2021  
A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,



Asdo: María Sanjurjo Moar

